

# LUGO emprego

O Concello de Lugo apoia a formación e o emprego dende Espazo>Lab, coa execución de programas como Lugo, Emprego Activo

Na actualidade, 300 persoas desempregadas participan neste proxecto, que busca a revitalización do mercado laboral

As persoas beneficiarias contan a súa experiencia e como acadaron un traballo

Responsables de empresas participantes falan dos bons resultados

## Espazo>Lab

o punto de partida na busca de emprego

## Europe direct-Lugo

a mocidade máis preto de Europa

## Cei Nodus

o xerme do futuro empresariado license



Concello de Lugo

# > Lugo emprego activo

Este programa, desenvolvido dende o Espazo>Lab, acadou en edicións anteriores un alto nivel de inserción

Unha das apostas máis importantes do Concello de Lugo nos últimos anos pasa pola posta en marcha de políticas de fomento do emprego, que agora máis que nunca serven para paliar, en parte, os efectos da crise entre os lucenses. Así, ademais de incentivar a implantación de novas empresas, de conxelar impostos e de reactivar o traballo en sectores con dificultades a través da contratación de obra pública, o goberno local impulsou programas de formación e reciclaxe de persoas en paro e en risco de exclusión social. Lugo, Emprego Activo é unha iniciativa cofinanciada polo Fondo Social Europeo, a través do programa Adaptabilidade e Emprego, que se desenvolve dende o Espazo>Lab, centro de orientación laboral. Trátase do plan municipal con mellor rendemento de cantos se puxeron en marcha ao longo dos últimos catro anos. O obxectivo do programa é formar as persoas participantes nel, para que poidan pasar dunha situación de desemprego a acceder a un posto de traballo.



# Lugo Emprego Activo, a revitalización do mercado laboral

O período de execución do programa europeo Lugo, Emprego Activo é de 36 meses, divididos en dúas fases e cun orzamento de 2,3 millóns de euros. A primeira delas desenvolveuse nos anos 2008 e 2009, cuns resultados satisfactorios. A segunda fase, que acaba de comezar, prolongarase este ano ademais de no 2011, polo que ao remate desta iniciativa 300 persoas beneficiaranse do citado programa.

Neste proxecto, préstase especial atención aos colectivos con máis dificultades para atopar traballo como a mocidade, os maiores de 45 anos, os desempregados de longa duración e outros colectivos en risco de exclusión social. Todos eles participan nun programa que




inclúe obradoiros de mellora das habilidades, busca de emprego, accións formativas, prácticas en empresas, etcétera, e todo isto baixo a tutorización dos profesionais de Espazo>Lab, o centro de orientación laboral do Concello de Lugo.

As persoas seleccionadas contan cunha bolsa para desenvolver a súa oferta formativa, e entran a formar parte dun itinerario personalizado de inserción sociolaboral, no que reciben formación teórica e práctica, encamiñada a desenvolver a capacidade e o nivel de coñecementos axeitados. Unha vez rematada esta fase de aprendizaxe, o alumnado pode facer prácticas en empresas para despois acceder a un posto de traballo.

## Unha garantía de futuro

As materias dos cursos que se imparten en Lugo, Emprego Activo responden ás demandas actuais do mercado laboral e das empresas lucenses, en particular. Así, priman os cursos de auxiliar de axuda a domicilio; de auxiliar de enfermaría en hospitais e en xeriatria; de monitor para transporte escolar adaptado e para persoas discapacitadas; e atención especializada para persoas enfermas de alzheimer. Ademais hai cursos de profesións más técnicas que tamén están claramente orientados ás necesidades do mercado laboral, como mecánico de vehículos lixeiros; electricista industrial; instalador tanto de sistemas de comunicación como de sistemas de enerxía solar térmica; técnico de transporte sanitario; técnico de energías renovables; e procesador de cátering ou técnico en recuperación de espazos degradados, entre outros.



*A segunda fase deste proxecto europeo desenvolverase ó longo deste ano e de 2011 e beneficiará a 150 persoas desempregadas*

# “Grazas a este programa teño un traballo que me gusta cun contrato”

*Participantes da primeira fase do programa Lugo, Emprego Activo coinciden ao definir como moi positivo o seu paso por Espazo>Lab. Din que grazas a iso atoparon traballo e falan da necesidade de aproveitar esta oportunidade.*



Teresa Golás Armesto

Eu cheguei ao Espazo>Lab dende o Inem. A experiencia foi moi positiva. Aquí foi todo de marabilla, cos profesores que impartiron os cursos e cos compañeiros e compañeiras. Neste centro ademas de aprender, por exemplo, primeiros auxilios, nos cursos aos que asistimos ensináronos a relacionarnos con nenos e nenas con algúns tipo de deficiencia; como falarles; e como comportarse con eles e con elas. Ademas de prácticas con nenos en Monbus puiden facer outras en Aspnais, o que foi moi positivo e beneficioso para o meu posterior traballo. Entrar neste programa supuxo unha oportunidade moi boa, áinda que é bo saber por que rama queres ir, facer as prácticas e aproveitar a ocasión que che dan. Grazas a este programa teño un emprego en transporte adaptado na Cruz Vermella.

Traballo principalmente con nenos e nenas autistas, con parálise cerebral... e axúdoos nos trasladados dende as súas casas ao colexio. O mellor deste traballo é tratar con estes nenos e nenas. Aprendes moito deles e sempre te sorprenden.

María Jesús Díaz Mayor

Entereime do labor de Espazo>Lab a través dunha orientadora laboral, e tamén me deron información nun sindicato e no Inem. Fixen a solicitude e fun escollida. Primeiro fixen un taller social e despois comezou a teórica, de máis de cen horas. Estudamos temas de enfermería, psicoloxía e orientación, entre outros, áinda que a parte máis longa foi a de enfermería. A min foi a que máis me gustou; de feito, teño pensado seguir formándome neste campo. Estou moi contenta porque, ao final, despois dos cursos e das prácticas, atopei un emprego e agora teño un contrato de seis meses en Alalás, un centro de día para persoas maiores. Temos moita xente, pero o traballo gústame; é bonito poder axudar á xente maior, así que oxalá poida seguir traballando. Sobre o labor deste centro creo que é moi importante para dar unha oportunidade á xente sen emprego, áinda que hai que saber aproveitalo. Tes que facer os cursos e as prácticas para despois, se é posible, poder acceder a un posto de traballo.



## Miguel Ángel Díaz Cancio

Soy técnico en Sistemas Eléctricos Industriales. Es el título con el que me gradué en Cuba. Sin embargo, aquí no vale nada porque no está homologado. Me hablaron de Espazo>Lab y de los cursos que se hacían, así que solicité el de Electricista Industrial y fui seleccionado. Primero dimos una parte teórica, aunque en realidad yo ya me sabía todo porque trabajé en este sector en Cuba durante nueve años, en compañías como Iberdrola. Sin embargo, el diploma que he conseguido en este programa me vale más que los cuatro años que pasé estudiando en Cuba. Ahora, tengo un empleo a jornada completa, con un contrato, así que mi experiencia aquí fue muy positiva. Y todos los que trabajan en Espazo>Lab se portaron muy bien.



## María Jesús Arias Cabado

Primeiro fixen un curso de auxiliar de axuda a domicilio, e despois outro de enfermería e xeriatria. Entre os dous foron 900 horas, e a experiencia foi moi boa. Aprendín dende o relacionado coa atención á persoa usuaria, a coñecementos básicos dalgunhas enfermidades, cuestións sobre as dietas más axeitadas, etcétera. O primeiro ano fixen as prácticas en Abrite, unha residencia e centro de día, mentres que as segundas desenvolvinhas en Sanyres, centro das mesmas características. Aínda que as dúas experiencias foron boas, neste último centro de día e residencia para a terceira idade, as prácticas foron mellores porque eu tiña moitos más coñecementos e o traballo foi moito más completo. Despois das prácticas tiven a sorte de ser seleccionada e agora trabalho, cun contrato de seis meses, na Cruz Vermella, como asistente de axuda a domicilio. Polo de agora a experiencia é moi positiva; ademais o traballo, aínda que é diferente ao que se fai nas residencias, gústame porque posibilita un trato más directo e cercano. Estás más implicada.

## Elisabet de la Torre Cabanas

Eu levaba bastante tempo desempregada e mirando a web do Concello vin o de Espazo>Lab. Presentei os documentos e pasei a estar seleccionada. Nun principio, fíxeno por ter unha expectativa, por estar ocupada en algo, aínda que nunca antes me decidira pola rama de auxiliar, enfermería ou xeriatria. Non obstante, agora estou contentísima e ata creo que o meu paso por Espazo>Lab fixo que atopara a miña vocación. Despois de facer os cursos e as prácticas tamén fun seleccionada para traballar e agora teño un emprego na Fundación de Daño Cerebral (Fudace), en Castro de Ribeiras de Lea (Castro de Rei). Trátase dun centro, xestionado pola Cruz Vermella, no que atendo, basicamente, a xente nova afectada por unha parálise cerebral, aínda que tamén hai persoas con grandes diversidades funcionais físicas e psíquicas. Estou moi contenta co meu traballo aquí.





# Empresas partícipes, colaboradoras á par que beneficiarias

- > Como é a súa colaboración co programa Lugo, Emprego Activo?
- > Como definiría a experiencia? Dá bos resultados?
- > No seu caso, a relación con algúns alumnos e alumnas non remata coas prácticas.



**Ana Caloto López,**  
Directora de Viomatic

1- Dende hai vinte anos teño convenios de prácticas coa Escola Politécnica Superior de Lugo e co IES de Piringalla, polo que a maior parte do persoal que tiven foi xente que, no seu día, fixo prácticas e que logo se quedou traballando na empresa. Por iso cando me chamaron de Espazo>Lab non dubidei á hora de colaborar, porque parécmeme un labor importantísimo o que fan neste tipo de programas, ao tempo que útil para as empresas.

2- No meu caso os resultados adoitan ser bons. Ademais, tes un prazo para ver se a persoa está preparada para este traballo ou se, pola contra, só fixo o curso por pasar o tempo. Nese período de proba ti xa ves se o alumno ten interese e se serve para desempeñar o traballo. Eles veñen coa teoría, e como en calquera sector, teñen que ir collendo o ritmo e adaptarse para, no noso caso, ocuparse de mantementos de portas de garaxe, porteiros automáticos, antenas, sistemas de automatismos, etcétera.

3- Como dixen antes a maior parte do persoal empregado que traballou aquí, primeiro fixeron prácticas na empresa. De feito agora hai unha persoa contratada que chegou dende Espazo>Lab despois de realizar o primeiro curso de telecomunicacións que se fixo no centro de orientación do Concello. Fixemos o contrato pouco antes de chegar o "boom" da TDT e ainda que vén como técnico instalador, especialmente traballa co tema da TDT, porque agora se disparou a demanda. A experiencia polo tanto é moi boa. Repetiremos.




**Óscar López Castro,**  
Área Técnica de  
Recursos Humanos  
de Arenal

1- En canto á colaboración de Arenal cos diferentes programas locais de desenvolvemento de emprego, a nosa é unha participación activa e produtiva. Non só co Concello de Lugo, senón tamén con outros entes públicos como a Universidade de Santiago de Compostela, o Consello Social, os Institutos de Ensinanza Secundaria A Piringalla e As Mercedes. Colaboramos con persoas con pouca experiencia que rematan os seus estudos e inician os seus primeiros contactos nun novo contorno laboral. Tamén con asociacións sen ánimo de lucro para a inserción no emprego de persoas con algún tipo de discapacidade ou dificultade de acceso ó mercado laboral. Así, temos relación con diferentes colectivos como Cogami, Feafes, Asociación Síndrome de Down, etcétera. En realidade, a colaboración tanto pode ser acollendo a persoas en prácticas como incorporando directamente ao cadro de persoal. E así foi, precisamente, a nosa participación no programa Lugo, Emprego Activo.

2- Para o noso grupo esta experiencia é moi positiva, por diferentes motivos. Nun primeiro lugar trátase dunha colaboración con xente que ten difícil o acceso e a integración no mundo laboral. Nun segundo lugar, dános a posibilidade dunha preselección para unha posible contratación posterior ou incorporación ao cadro de persoal. E por último, como todo o mundo coñece, o custo económico das prácticas é moi baixo; por parte da empresa tan só existe un "custo" humano en canto á dedicación e tempo investido para a aprendizaxe, apoio e información.

3- Na maioría dos casos si que se fixeron contratos de traballo e algúns continúan na actualidade. Unha vez no cadro de persoal reciben o mesmo trato e condicións laborais que o resto de compañeiroas e compañeiroas da empresa. Claro que, como en todas as empresas houbo incorporacións, cesamentos, baixas por incapacidade temporal, renovacións de contrato, etcétera. Pero como resultado xeral, en Arenal estamos satisfeitos coa colaboración activa en programas de emprego, e en particular co programa Lugo, Emprego Activo.

# Motor de futuro



Situado no antigo cuartel de Garabolos, no 490 da Avenida da Coruña, Espazo>lab, o Centro de Orientación Laboral do Concello de Lugo, ofrece consello profesional en materias como a confección dun currículum vitae e dunha carta de presentación axeitados; na preparación dunha entrevista de traballo; na procura de ofertas más apropiadas a cada perfil; e na busca dos sectores con maior demanda.

Así mesmo, Espazo>lab conta con asesoramento personalizado, grazas a un equipo de profesionais altamente cualificados que se encargan de axudar na resolución de dúbidas e problemas que poidan xurdir no proceso de busca de traballo.

Amais, o centro alberga diferentes cursos, seminarios, obradoiros e conferencias, as cales están dirixidas ao respaldo do desenvolvemento laboral e profesional.

Por último, os servizos do centro complétanse con conexión a internet, para facilitar a consulta de ofertas de emprego, o contacto con empresas e o envío de currículos; e máis o acceso a publicacións, para estar en contacto cos máis sectores emerxentes e a actualidade do mundo laboral.

Ademáis de Lugo, emprego activo, desde Espazo>lab xestiónanse outros programas de emprego. Así, Lugo contigo, dirixido á persoas con discapacidade ou con especiais dificultades de inserción laboral, procura emprego a través da realización de prácticas en empresas con compromiso de contratación.

Desde o centro tamén se implementan os programas de formación e emprego: escolas obradoiro para menores de 25 anos, a través dos cales os participantes reciben formación profesional ocupacional en alternancia coa práctica profesional (traballo en obra real), co fin de que ao seu termo estean capacitados para o desempeño axeitado do oficio aprendido e sexa máis fácil o seu acceso ao mundo do traballo. Así a Escola Obradoiro "A memoria da cidade" que traballa en la dixitalización dos fondos do Arquivo Municipal e anteriormente "Escola Solidaria" que realizou a rehabilitación da antiga escola rural de San Pedro de Mera para destinala a centro cívico da parroquia.

No mesmo sentido, estanse a rehabilitar dúas antigas escolas rurais más, Labio e Cabanas para convertelas en centros cívicos con persoal traballador do Obradoiro de emprego "Escola rural", programa dirixido a maiores de 25 anos para a realización de obras ou servizos de utilidade pública ou interese social, cun traballo efectivo e que á vez reciben unha formación profesional ocupacional que busca a súa cualificación profesional e favorece a inserción profesional.

En definitiva, Espazo>lab reúne toda unha serie de vantaxes que o converten nunha útil ferramenta de apoio e seguimento de todo o proceso de procura de emprego, asesorando dunha forma próxima e eficaz.



ESPAZO>LAB  
Avda. da Coruña, 490. 27003 Lugo  
Teléfono: 982 297 361  
[www.lugo.es/espazolab](http://www.lugo.es/espazolab)



Concello de Lugo

# > europe direct - Lugo



## A mocidade de Lugo, máis preto de Europa

O centro que xestionou o Concello de Lugo atendeu dende a súa creación, en xaneiro de 2009, máis de 1.200 consultas sobre a UE. Boa parte delas estaban relacionadas co emprego e a posibilidade de solicitar bolsas para traballar ou estudar noutros países da comunidade. Ademais, organiza actividades relacionadas coas prioridades da Comisión Europea

**EUROPE DIRECT-LUGO**  
Avda. da Coruña 490  
(antigo cuartel de Galrabolos) 27003 Lugo  
Teléfono: 982 297 479  
Fax: 982 297 364  
[EuropeDirect-Lugo@concellodelugo.org](mailto:EuropeDirect-Lugo@concellodelugo.org)



Información, asesoramiento, axuda e resposta as dúbidas sobre lexislación, políticas, programas e posibilidades de financiación da UE constitúen os servizos que ofrece o Concello de Lugo a través da oficina Europe Direct-Lugo.

Esta atendeu dende a súa posta en marcha en xaneiro de 2009 máis de 1.200 consultas, das que 800 foron a través de visitas ao centro e 400, chamadas. Destas, a maior parte estaban ligadas co emprego e coa posibilidade de solicitar bolsas para traballar e estudar en países pertencentes á UE.

A oficina achega datos relativos á UE, a fin de contribuír a que os cidadáns e cittadás, e especialmente os más novos, se conciencien da necesidade de compartir e competir con Europa apostando pola formación e a información.

Ademais, organiza diferentes actividades relacionadas coas prioridades da Comisión Europea como o emprego e a transversalidade.

dade de xénero, e mesmo promove xornadas de celebración como a do Día Europeo das Lingua, a Semana Europea da Mobilidade, etcétera.

### UNHA WEB ACTIVA

Pola súa banda, a páxina web de Europa Direct, a través da que se informa acerca das actividades que presta e das que se desenvolven na UE e nas súas institucións, ten rexistradas máis de 5.500 visitas dende que se puxo en marcha en xuño de 2009. Amais, mensualmente publica un boletín electrónico no que se inclúen as novas más importantes de cantas se xeran no seno da UE, así como as convocatorias e premios relacionados coa temática europea.

A oficina de Europe Direct-Lugo de Lugo, situada no número 490 da Avenida da Coruña, é unha das 48 existentes en España e a única de Galicia que xestiona un concello.



Os 33 alumnos desta escola taller ocupáronse da restauración, catalogación e dixitalización de parte do Arquivo Histórico Municipal. Trataron máis de 3.000 fotografías, fixeron 45.000 dixitalizacions e recuperaron documentos, cun proxecto que formou profesionais cada día máis demandados, con coñecementos de novas tecnoloxías ante a chegada da e-administración

## A memoria da cidade, un papel protagonista na inserción laboral

A futura implantación da administración electrónica traerá consigo a maior demanda de profesionais cunha formación específica en novas tecnoloxías. Ademais, na actualidade hai un mercado laboral na procura de traballadores formados neste campo aplicado á xestión de patrimonio documental.

Esta crecente demanda levou ó Concello de Lugo a presentar o proxecto nomeado Escola Obra-dorio "A Memoria da Cidade", unha iniciativa de emprego centrada na recuperación de parte dos fondos quivo Histórico Municipal.

Este programa supuxo a posta en marcha, en decembro de 2008, dun plan mixto de inserción

laboral e formación para persoas en desemprego, que rematará a súa andaina en xuño deste ano.

Durante este período 33 alumnos e alumnas divididos nas especialidades de xestión documental, imaxe dixital e restauración do patrimonio documental encargáronse da dixitalización dos libros de actas (fixéreronse unhas 45.000) do Concello; así como da conservación, catalogación e proceso dixital de 3.000 fotografías. O traballo desenvolvido polos 33 alumnos permitiu ademais a recuperación e dixitalización de parte do fondo histórico cartográfico municipal, pertencente a proxectos de obras municipais de principios do século XX.

O orzamento desta ambiciosa iniciativa ascendeu a máis de 655.000 euros subvencionados polo FSE, ademais dunha achega de 15.000 euros achegados polo Concello de Lugo.




**ESCOLA TALLER A MEMORIA DA CIDADE**  
Avda. da Coruña, 490. 27003 Lugo  
Teléfono: 982 297 361  
[www.lugo.es/espazolab](http://www.lugo.es/espazolab)



Concello de Lugo

O Centro de Empresas e Innovación (Cei-Nodus) do Concello de Lugo brinda o seu apoio a novos proxectos empresariais, contribuíndo mediante esta colaboración a un claro obxectivo final: o desenvolvemento económico da totalidade do municipio. Unha das súas principais bazas: un sementeiro que facilita a diferentes firmas a súa inserción no mercado laboral

## O xerme do futuro empresariado lucense



O Centro de Empresas e Innovación (CEI), situado no cuartel de Garabolos, é unha iniciativa posta en marcha polo Concello de Lugo, dirixida ó respaldo de novos proxectos empresariais. Os piares nos que se sustenta avogan por lograr novos investimentos para a provincia lucense a través de iniciativas empresariais que contribúan ó desenrollo económico do municipio. Particularmente, preténdese:

- **Contar con empresas dotadas dun certificado de calidade.**
- **Promover a colaboración entre firmas.**
- **Apoiar a posta en marcha de empresas, apoiando a creación de compañías de selo innovador.**
- **A creación dun contorno idóneo no referente a prezos e servizos, concedendo ás firmas tempo suficiente para desenvolver un plan de empresa que lles permita ser competitivas no mercado**

Para acadar os ditos obxectivos, o centro ciméntase en tres bases fundamentais. A primeira destas trata de simplificar a posta en marcha de firmas cun carácter innovador e situadas nunha localización axeitada para a creación de novos proxectos. Neste sentido, unha peza clave é a cooperación entre infraestruturas e asesoría técnica, a fin de que o inicio e o posterior fortalecemento dos proxectos empresariais resulte más sinxelo. Así mesmo, promóvese a colaboración entre as formas do centro, con vistas a tratar de lograr unha óptima entrada no mercado.

Por outra banda, o CEI dispón dunha sólida oferta en canto a formación vinculada á xestión e á innovación empresarial, que inclúe cursos, seminarios e outras actividades encamiñadas á difusión.

Por último, o centro ofrece consello profesional ás firmas que desexen poñer en marcha proxectos vinculados co I+D+i.



## ÁMBITO DE ACTUACIÓN

O CEI lucense está aberto a prestar apoio á totalidade de firmas lúxenses, pero fai fincapé no servizo ofrecido aos emprendedores e emprendedoras, de aí que contén con servizos específicos destinados a paliar as súas necesidades.

Entre eles, destaca un semementeiro de empresas, un enclave destinado a que aqueles que decidan desenvolver unha iniciativa traballen na mesma e poidan reproducir as condicións nas que terán que desenvolverse unha vez inicien a súa andaina. Así mesmo, o semementeiro funciona como foro para intercambiar experiencias e iniciar novos contactos.

O tempo máximo de permanencia no CEI é de 36 meses. Os locais contan con servizo de luz, auga, teléfono e conexión á rede.

Doutra banda, este espazo brinda servizos de información, asesoramento e tutorización aos emprendedores radicados nel, os cales poden beneficiarse das instalacións do centro na mesma medida en que o fan as empresas situadas nel.

Así mesmo, o equipo técnico do CEI ofrece respaldo a todas as firmas radicadas nel, en aspectos como:

- 1.- Asesoramento económico e xurídico para pór en marcha a túa empresa.**
- 2.- Elaboración do Plan de empresa.**
- 3.- Trámites de posta en marcha da empresa.**
- 4.- Solicitud de subvención e financiamento.**
- 5.- Apoio cara á consolidación da empresa.**
- 6.- Identificación de actividades de I+D+i.**
- 7.- Subvencións e créditos á I+D+i.**
- 8.- Busca de socias e socios para proxectos.**
- 9.- Execución e financiamento de proxectos co apoio do CDTI.**
- 10.- Formación para mellorar a cualificación do persoal traballador.**
- 11.- Formación para mellorar a competitividade do tecido empresarial do concello de Lugo.**
- 12.- Actividades formativas dirixidas a emprendedoras e emprendedores.**
- 13.- Formación ocupacional e continua.**
- 14.- Cursos para a adaptación das traballadoras e traballadores ás innovacións tecnolóxicas.**



Concello de Lugo

# “O Concello de Lugo apoia o emprego e o emprendemento para facerlle fronte á crise”



*“Cando remate o programa Lugo Emprego Activo, no ano 2011, terá beneficiado a 300 persoas desempregadas”*

O Concello de Lugo é sensible a unha das principais preocupacións dos cidadáns nesta época de incertidume económica. As dificultades para que todos os lucenses en idade de traballar disponan dun emprego estable e digno fan que o Concello mobilice todos os recursos ó seu alcance, aínda carecendo das competencias na materia de emprego que, como é sabido, correspóndenlle á Comunidade Autónoma.

Pero o Concello non quere nin debe permanecer impasible diante do drama que supón para tantas familias a falta de traballo. É por iso polo que a institución que presidió esforzase en buscar más aló dos seus modestos recursos e a Concellería de Economía e Emprego, que dirixe Sonia Méndez, foi quen de atraer fondos da Unión Europea para poñer en marcha na nosa cidade iniciativas como o programa Lugo Emprego Activo ou o Cei Nodus de apoyo á creación de empresas.

Só o programa Lugo Emprego Activo supón un orzamento de 2,3 millóns de euros e cando remate, no ano 2011, terá beneficiado a 300 desempregados. Algunhas das súas experiencias podémolas ler nesta publicación.

E nada hai máis satisfactorio para un Alcalde que ter contribuído a que as xentes da súa cidade teñan a posibilidade de facerse un futuro mellor, xa que o seu traballo axudará ó desenvolvemento de toda a nosa colectividade.

JOSÉ LÓPEZ OROZCO



LUGO **emprego**  
activo

#### EUROPE DIRECT-LUGO

Avda. da Coruña 490  
(antiguo cuartel de Galrabolos) 27003 Lugo  
Teléfono: 982 297 479  
Fax: 982 297 364

EuropeDirect-Lugo@concelodelugo.org

#### CEI NODUS

Avda. da Coruña 490. 27003 Lugo

Teléfono: 982 264 260

info@cei.lugo.es

#### CENTRO DE ORIENTACIÓN LABORAL

Espazo>Lab

Avda. da Coruña, 490. 27003 Lugo

Teléfono: 982 297 361

[www.lugo.es/espazolab](http://www.lugo.es/espazolab)